

Convocatoria	Documento	Versión	Data de publicación
Erasmus+ 2026	Preguntas frecuentes	1.0	28/11/2025

A.	Obxecto e contexto do proxecto.....	2
1.	Que é a acreditación Erasmus e por que a obtivo a Deputación de Pontevedra?	2
2.	Cal é o obxectivo principal do proxecto de mobilidade (KA121-VET) que presenta a Deputación?	2
3.	Quen pode participar nas mobilidades (alumnado e persoal)?	2
4.	Cal é a duración prevista do proxecto e cando se executará?.....	2
5.	Onde se realizarán as mobilidades?	3
6.	Por que é obrigatoria a creación dun consorcio de mobilidade?	3
B.	Elixibilidade e requisitos das entidades solicitantes	3
7.	Que centros de EFP poden solicitar a adhesión ao consorcio?.....	3
8.	Que tipo de centros se exclúen desta convocatoria?	3
9.	Se o meu centro xa recibiu outra subvención KA1 na mesma convocatoria, podemos adherirnos?	3
C.	Presentación da solicitude e documentación	3
10.	Cal é o prazo de presentación das solicitudes?.....	3
11.	Como se debe presentar a solicitude e quen debe asinala?.....	3
12.	Que ocorre se a solicitude non reúne todos os datos ou documentos esixidos?.....	3
13.	Que datos da entidade consultará automaticamente a Deputación?	3
D.	Procedemento de adhesión, resolución e notificacións	3
14.	Cal é o prazo máximo para resolver e notificar a resolución de adhesión?	3
15.	Que acontece se transcorre o prazo sen recibir notificación?.....	4
16.	Como se publicará a resolución de adhesión?	4
17.	Como se realizarán as notificacións electrónicas?.....	4
E.	Conformación do consorcio de mobilidade	4
18.	Como se formaliza o consorcio unha vez que se resolve a selección dos centros de EFP? 4	
19.	Que documento clave deben asinar os centros e que autorizan con el?	4
20.	É necesario que o meu centro teña a súa propia acreditación Erasmus+ para unirse? 4	
21.	Que requisito deben cumprir os centros respecto ao sistema de rexistro de “Erasmus+” (EU Login)?.....	4
F.	Obrigas e compromisos.....	4
22.	Cales son as principais responsabilidades da Deputación de Pontevedra como coordinadora do consorcio?	4
23.	Que obrigas principais asumen os centros adheridos coa súa participación?.....	4

Convocatoria	Documento	Versión	Data de publicación
Erasmus+ 2026	Preguntas frecuentes	1.0	28/11/2025

24. Que pode implicar o incumprimento das obrigas por parte dun centro adherido?..... 4
- G. Xestión do proxecto e selección de participantes 5
25. Que é o Comité de Mobilidade e cando se debe constituír? 5
26. Cales son as funcións da Comisión de Valoración e Selección que se crea no centro? 5
27. Cal é a principal condición para que o alumnado poida participar no proceso de selección? 5
28. Cales son os criterios de selección de alumnado con maior puntuación no baremo? . 5
29. Que significa ser considerado "alumnado con menos oportunidades" e cantos puntos outorga? 5
30. Cales son os principais criterios de selección para o persoal docente e non docente?5
31. Que puntuación se pode obter pola antigüidade no centro? 5
32. Como se valoran as titulacións e a formación do persoal? 5
33. Como se valora o coñecemento de linguas estranxeiras no caso do persoal? 5
34. Que se valora na entrevista persoal e cal é a súa puntuación máxima? 5
35. Existe algún criterio de exclusión para o alumnado que participa na selección? 5

Preguntas frecuentes (FAQ). Adhesión ao Consorcio Erasmus+ VET 2026

A. Obxecto e contexto do proxecto

1. Que é a acreditación Erasmus e por que a obtivo a Deputación de Pontevedra?

R: É unha ferramenta que simplifica o financiamento da acción clave 1 do programa “Erasmus+” (2021-2027). A Deputación obtivo esta acreditación do SEPIE en 2021 (válida ata o 31 de decembro de 2027) por tratarse dun plan de actividades de mobilidade de alta calidade.

2. Cal é o obxectivo principal do proxecto de mobilidade (KA121-VET) que presenta a Deputación?

R: Mellorar a calidade e a proxección exterior da EFP da provincia mediante mobilidades europeas que reforcen as competencias profesionais, lingüísticas e dixitais do alumnado e lle faciliten ao persoal docente a adopción de prácticas innovadoras.

3. Quen pode participar nas mobilidades (alumnado e persoal)?

R: Persoas recentemente tituladas de EFP (grao básico, medio ou certificados profesionais I, II e III) que poidan iniciar a mobilidade ata **12 meses despois da súa titulación**, ademais de persoal docente e non docente que traballe en EFP.

4. Cal é a duración prevista do proxecto e cando se executará?

R: A duración inicial é de **quince (15) meses**, previsiblemente desde o 1 de xuño de 2026 ata o 31 de agosto de 2027. Existe a posibilidade de prorrogar o proxecto ata un total de vinte e catro (24) meses e que este remate o 31 de maio de 2028.

Convocatoria	Documento	Versión	Data de publicación
Erasmus+ 2026	Preguntas frecuentes	1.0	28/11/2025

5. Onde se realizarán as mobilidades?

R: En países membros da Unión Europea e terceiros países asociados ao programa (como Macedonia do Norte, Islandia, Noruega, Turquía e Serbia).

6. Por que é obrigatoria a creación dun consorcio de mobilidade?

R: Atendendo á acreditación obtida, a Deputación ten a obriga de presentarse ás convocatorias cun **consorcio de mobilidade**, como o que promove esta convocatoria.

B. Elixibilidade e requisitos das entidades solicitantes**7. Que centros de EFP poden solicitar a adhesión ao consorcio?**

R: Aqueles centros de EFP da provincia de Pontevedra que impartan oficialmente, como mínimo, **formación profesional básica** ou **ciclos formativos de grao medio**.

8. Que tipo de centros se exclúen desta convocatoria?

R: Están excluídos os centros cunha oferta formativa limitada exclusivamente a certificados profesionais e aqueles que xa participan como socios noutro consorcio VET con acreditación ou que posúen unha acreditación Erasmus+ VET propia activa.

9. Se o meu centro xa recibiu outra subvención KA1 na mesma convocatoria, podemos adherirnos?

R: Si, é posible, pero só se non se supera o límite máximo de **dous convenios de subvención** no marco da acción clave 1.

C. Presentación da solicitude e documentación**10. Cal é o prazo de presentación das solicitudes?**

R: O prazo é de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do extracto no BOPPO.

11. Como se debe presentar a solicitude e quen debe asinala?

R: A presentación debe realizarse **unicamente por medios electrónicos** a través do formulario dispoñible na Sede electrónica. Só se permite a sinatura da ou do **representante legal do centro**.

12. Que ocorre se a solicitude non reúne todos os datos ou documentos esixidos?

R: Requiriráselle á entidade que, nun prazo de **dez (10) días hábiles**, emende as faltas ou a solicitude considerárase desistida e archivarase.

13. Que datos da entidade consultará automaticamente a Deputación?

R: Consultaranse automaticamente a verificación do NIF da entidade solicitante, o DNI ou NIE das persoas representantes e os datos do Rexistro de Centros Docentes (RCD).

D. Procedemento de adhesión, resolución e notificacións**14. Cal é o prazo máximo para resolver e notificar a resolución de adhesión?**

R: O prazo máximo é de **seis (6) meses**, contados desde a publicación desta convocatoria.

Convocatoria	Documento	Versión	Data de publicación
Erasmus+ 2026	Preguntas frecuentes	1.0	28/11/2025

15. Que acontece se transcorre o prazo sen recibir notificación?

R: Transcorrido o prazo sen notificación, a solicitude de adhesión entenderase **desestimada por silencio administrativo**.

16. Como se publicará a resolución de adhesión?

R: A resolución publicarase na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

17. Como se realizarán as notificacións electrónicas?

R: Practicaranse só por medios electrónicos a través da Dirección Electrónica Habilitada única. Entenderanse rexeitadas se transcorresen **dez (10) días naturais** sen acceder ao contido.

E. Conformación do consorcio de mobilidade

18. Como se formaliza o consorcio unha vez que se resolve a selección dos centros de EFP?

R: O consorcio confórmase mediante a **sinatura electrónica dos correspondentes mandatos** por parte das e dos representantes legais dos centros.

19. Que documento clave deben asinar os centros e que autorizan con el?

R: Deben asinar un **mandato** no que se autoriza á Deputación (como coordinadora) a enviar no seu nome a solicitude de fondos do proxecto ao SEPIE.

20. É necesario que o meu centro teña a súa propia acreditación Erasmus+ para unirse?

R: Non, non será necesario que os membros do consorcio dispoñan dunha acreditación Erasmus+.

21. Que requisito deben cumprir os centros respecto ao sistema de rexistro de “Erasmus+” (EU Login)?

R: Os centros deben dispoñer dunha conta no sistema de rexistro de organizacións de “Erasmus+” (EU Login) para obter o código de identificación de organización (**OID**) necesario para realizar a solicitude.

F. Obrigas e compromisos

22. Cales son as principais responsabilidades da Deputación de Pontevedra como coordinadora do consorcio?

R: A Deputación comprométese a realizar a solicitude e a xestión de fondos, a rendición de contas, a xestión administrativa das mobilidades e a coordinación xeral do proxecto.

23. Que obrigas principais asumen os centros adheridos coa súa participación?

R: Os centros deben cumprir as obrigas de comunicación e coordinación, realizar actividades de difusión dos resultados, aceptar os termos do convenio de subvención e seleccionar o alumnado e o persoal segundo os criterios do anexo I.

24. Que pode implicar o incumprimento das obrigas por parte dun centro adherido?

R: O incumprimento dos requisitos ou a cancelación inxustificada das mobilidades poderá dar lugar á **non inclusión dos centros en futuros consorcios de mobilidade**.

Convocatoria	Documento	Versión	Data de publicación
Erasmus+ 2026	Preguntas frecuentes	1.0	28/11/2025

G. Xestión do proxecto e selección de participantes

25. Que é o Comité de Mobilidade e cando se debe constituír?

R: É o órgano que coordina o desenvolvemento do proxecto no centro. Debe constituírse no prazo máximo **dun (1) mes** a partir da sinatura do convenio de subvención.

26. Cales son as funcións da Comisión de Valoración e Selección que se crea no centro?

R: Comprobar os requisitos de participación, baremar os criterios, realizar probas e publicar as listaxes provisionais e definitivas de persoas seleccionadas e suplentes.

27. Cal é a principal condición para que o alumnado poida participar no proceso de selección?

R: Debe ser maior de idade ao iniciar a mobilidade, ter aprobado **todos os módulos do ciclo (incluído o FCT)** e atoparse no último ano educativo (a mobilidade debe iniciarse nos 12 meses posteriores á obtención do título).

28. Cales son os criterios de selección de alumnado con maior puntuación no baremo?

R: Expediente académico, coñecemento de idiomas, entrevista persoal e tipoloxía de alumnado (con menos oportunidades), todos con ata **2 puntos** cada un.

29. Que significa ser considerado "alumnado con menos oportunidades" e cantos puntos outorga?

R: Outorga **2 puntos**. Refírese ás persoas que se enfrontan a obstáculos (económicos, sociais, culturais etc.), xustificado mediante un informe dunha institución pública competente.

30. Cales son os principais criterios de selección para o persoal docente e non docente?

R: Os criterios de baremación son: antigüidade no centro, titulacións e formación, coñecemento de linguas estranxeiras, experiencia profesional noutros estados membros da UE e entrevista persoal.

31. Que puntuación se pode obter pola antigüidade no centro?

R: Ata **1 punto**. Con 3 ou máis anos de antigüidade no centro ou nos centros de EFP da Deputación de Pontevedra, obtérase a máxima puntuación (1,00 punto).

32. Como se valoran as titulacións e a formación do persoal?

R: Valóranse con ata **2 puntos** as titulacións distintas ou superiores ás esixidas para acceder á docencia. Por exemplo: máster oficial relacionado (1,00 punto), especialista universitario de 300 horas ou máis (0,70 puntos) ou título de técnico ou técnico relacionado (0,50 puntos).

33. Como se valora o coñecemento de linguas estranxeiras no caso do persoal?

R: O coñecemento de idiomas outorga ata **2 puntos**. Un nivel C1 ou superior supón 2,00 puntos; un B2, 1,50 puntos; un B1, 1,00 punto; e un A2, 0,50 puntos.

34. Que se valora na entrevista persoal e cal é a súa puntuación máxima?

R: A entrevista valórase con ata **2 puntos**: o compromiso coa integración das experiencias, a iniciativa para propoñer melloras no centro e a iniciativa para procurar entidades de acollida.

35. Existe algún criterio de exclusión para o alumnado que participa na selección?

Convocatoria	Documento	Versión	Data de publicación
Erasmus+ 2026	Preguntas frecuentes	1.0	28/11/2025

R: Si. Non poderá participar o alumnado que fose obxecto dunha sanción imposta tras a incoación dun expediente disciplinario formal tipificado como **falta grave** ou **falta moi grave** segundo o Decreto 8/2015.